

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día dezaioito de xullo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do segundo tenente de Alcaldía, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, (resolución do 15/07/16), coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(742).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(743).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONAS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO. EXPTE. 12938/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13/06/16 e o informe de fiscalización do 12/07/16, dáse conta do informe-proposta do 10/06/16, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas, en réxime de concurrencia competitiva para o **desenvolvemento de***

proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionadas co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprendemento e o emprego, veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014 e 2015, e conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro, que estén inscritas, no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou teñan solicitado a súa inscrición antes da aprobación das presentes bases pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego estable, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación que teñan relación cos sectores empresariais, como xeradores de emprego.

En relación o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, se somete a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:

1. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as "BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO", correspondentes ao ano 2016 que se achegan no Anexo I.
2. Aprobar, o gasto, por importe de 30.000,00 € (TRINTA mil euros), que se imputarán a partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", dos orzamentos de 2016.
3. Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO" en:
 - A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), a publicación

que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(744).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN E ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO DE ROCK ANTHRAX (MÁIS ARTISTAS CONVIDADO), NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 6547/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/07/16, dáse conta do informe-proposta do 15/07/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado pola concelleira-delegada de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP) no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo de rock internacional "ANTHRAX" máis artista convidado no Auditorio de Castrelos (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo de rock internacional "ANTHRAX" máis artista convidado no Auditorio de Castrelos (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión de 8 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística do grupo internacional de rock ANTHRAX (máis artista convidado) no Auditorio de Castrelos o día 19 de xullo (expte:6547/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 20 de xuño de 2016, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 20 de xuño de 2016.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 37.510,00 € co ivo incluído (que inclúe contratación artística “cachet”; “catering” e transportes internos) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa como empresa SWEET NOCTURNA, S.L. B-36998524 autorizada en exclusiva para a actuación do grupo de rock ANTHRAX no Auditorio de Castrelos o día 19 de xullo de 2016 ás 22,30 horas, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.500 entradas a uns prezos de 10 euros (venda anticipada) e 12 € (en taquilla).

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.”

Segundo.- En data 12 de xullo de 2016 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil SWEET NOCTURNA, S.L., titular dos dereitos de exclusiva do grupo de rock ANTHRAX, concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 13 de xullo de 2016 SWEET NOCTURNA, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 13 de xullo de 2016, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dña. Luz González Domínguez e a xefa do servizo de Contratación, Dña. Beatriz Barbará Rodríguez, se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión “Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a SWEET NOCTURNA, S.L., no presente procedemento.”

A continuación se procedeu a apertura do “SOBRE B: PROPOSICIÓN TECNICA E ECONOMICA”, dándosele traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adjudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP”.

Quinto.- En data 13 de xullo de 2016, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que “Revisada a documentación, informase que o “rider” técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recollen as necesidades da actuación do grupo de rock internacional ANTHRAX máis artista convidado, e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo.

En canto a proposta económica presentada por SWEET NOCTURNA, S.L. B-36998524, o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta das PCAP que fixa un prezo de 37.510,00 € co ivo incluído (que inclúe contratación artística “cachet”; “catering” e transportes internos)”.

Sexto.- En data 13 de xullo de 2016, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 10ª do PCAP.

Sétimo.- En data 14 de xullo de 2016, D. David Lago López, en nome e representación de SWEET NOCTURNA, S.L., representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 14 de xullo de 2016, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propoñe que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas, de data 13 de xullo de 2016, de valoración da oferta técnica e económica de SWEET NOCTURNA, S.L., no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo internacional de rock ANTHRAX no Auditorio de Castrelos (expediente 6547-335) no seguinte orde decrecente:

1. SWEET NOCTURNA, S.L.

2º.- Adxudicar a SWEET NOCTURNA, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo internacional de rock ANTHRAX no Auditorio de Castrelos (expediente 6547-335) por un prezo total de 37.510 euros, sendo a cota correspondente o IVE de 6.510 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(745).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE ANTONIO OROZCO, NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 6548/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/07/16, dáse conta do informe-proposta do 15/07/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado pola concelleira-delegada de Festas, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP) no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de ANTONIO OROZCO no Auditorio de Castrelos (PCAP).

- *Prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de ANTONIO OROZCO no Auditorio de Castrelos (PPT).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión de 8 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de ANTONIO OROZCO no Auditorio de Castrelos o día 20 de xullo (expte:6548/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 20 de xuño de 2016, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 20 de xuño de 2016.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 44.346,50 € co iva incluído (que inclúe contratación artística “cachet”, e o “catering”) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa como empresa ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S. L. CIF B-27786045-A autorizada en exclusiva para a actuación do artista nacional ANTONIO OROZCO no Auditorio de Castrelos o día 20 de xullo de 2016 ás 23,00 horas, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.500 entradas a uns prezos de 8 euros (venda anticipada) e 10 € (en taquilla).

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.”

Segundo.- En data 12 de xullo de 2016 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., titular dos dereitos de exclusiva de ANTONIO OROZCO, concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 13 de xullo de 2016 ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 13 de xullo de 2016, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dña. Luz González Domínguez e a xefa do servizo de Contratación, Dña. Beatriz Barbará Rodríguez, se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión “Cualificada a documentación administrativa, e

comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a *ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, no presente procedemento.”

A continuación se procedeu a apertura do “*SOBRE B: PROPOSICIÓN TECNICA E ECONOMICA*”, dándosele traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP”.

Quinto.- En data 13 de xullo de 2016, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que “Revisada a documentación, informase que o “rider” técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recollen as necesidades da actuación de ANTONIO OROZCO, e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo.

En canto a proposta económica presentada por *ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta das PCAP que fixa un prezo de 44.346,50 € co ivo incluído (que inclúe contratación artística “cachet”, e o “catering”).

Sexto.- En data 13 de xullo de 2016, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 10ª do PCAP.

Sétimo.- En data 13 de xullo de 2016, Dña. Monserrat Miguelez, en nome e representación de *ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 14 de xullo de 2016, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propoñe que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas, de data 13 de xullo de 2016, de valoración da oferta técnica e económica de *ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de ANTONIO OROZCO no Auditorio de Castrelos (expediente 6548-335) no seguinte orde decrecente:

1. *ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*

2º.- Adxudicar a *ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de ANTONIO OROZCO no Auditorio de Castrelos (expediente 6548-335) por un prezo total de 44.346,50 euros, sendo a cota correspondente o IVE de 7.696,50 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(746).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO AURYN, NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 6549/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/07/16, dáse conta do informe-proposta do 15/07/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado pola concelleira-delegada de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP) no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo AURYN no Auditorio de Castrelos (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo AURYN no Auditorio de Castrelos (PPT).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión de 8 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística do grupo pop nacional AURYN no Auditorio de Castrelos o día 23 de xullo (expte:6549/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 20 de xuño de 2016, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 20 de xuño DE 2016.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe total de 43.890,00 € co iva incluído (que inclúe a actuación artística (cachet); os equipo de luz e son; e o catering) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., B-27.778.141 como empresa autorizada en exclusiva para a actuación do grupo pop nacional AURYN no Auditorio de Castrelos o día 23 de xullo de 2016 ás 22,30 horas, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.500 entradas a uns prezos de 8 euros (venda anticipada) e 10 € (en taquilla).

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.”

Segundo.- En data 12 de xullo de 2016 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., titular dos dereitos de exclusiva do grupo AURYN, concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 13 de xullo de 2016 CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 13 de xullo de 2016, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dna. Luz González Domínguez e a xefa do servizo de Contratación, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez, se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión “Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., no presente procedemento.”

A continuación se procedeu a apertura do “SOBRE B: PROPOSICIÓN TECNICA E ECONÓMICA”, dándoselle traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP”.

Quinto.- En data 13 de xullo de 2016, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que “Revisada a documentación, informase que o “rider” técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recollen as necesidades da actuación do grupo AURYN e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo.

En canto a proposta económica presentada por CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., B-27.778.141, o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta das PCAP que fixa un prezo de 43.890 € co ive incluído”.

Sexto.- En data 13 de xullo de 2016, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 10ª do PCAP.

Sétimo.- En data 13 de xullo de 2016, Dna. Begoña Gómez Martínez, en nome e representación de CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 14 de xullo de 2016, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propoñe que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas, de data 13 de xullo de 2016, de valoración da oferta técnica e económica de CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo AURYN no Auditorio de Castrelos (expediente 6549-335) no seguinte orde decrecente:

1. CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L.

2º.- Adxudicar a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo AURYN no Auditorio de Castrelos (expediente 6549-335) por un prezo total de 43.890 euros, sendo a cota correspondente o IVE de 7.617,27 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs

O PRESIDENTE,

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

David Regades Fernández

Olga Alonso Suárez.